



Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA ONCE DE XUÑO DE 2018. EXPTE. 3369/2018.

ASISTENTES:

D. JESUS ANTONIO FERNANDEZ CAL
D. JESUS FERNANDEZ FERNANDEZ
D^a. LARA FERNANDEZ FERNÁNDEZ-NORIEGA

SECRETARIA XERAL:

D^a. MARILUZ Balsa RÁBADE

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 14:30 do día 11 de xuño de 2018, baixo a Presidencia do 1º Tenente de Alcalde, D. Jesús Fernández Cal, en substitución por ausencia da Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria Xeral, D^a. María Luz Balsa Rábade, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en segunda convocatoria.

Excusan verbalmente a súa asistencia os concelleiros D^a. María Loureiro García, D^a. María Isabel Rodríguez López e D. Emilio Villarmea Méndez. Non asisten á presente sesión a Interventora Municipal nin o Interventor por delegación.

A Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, manifesta a imposibilidade de asistencia nesta data da Xunta de Goberno Local. Non téndose conferido delegación segundo o disposto no artigo 47 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. En virtude do disposto no referido artigo, nestes supostos será substituído nas súas funcións polo 1º tenente de alcalde.

Á hora sinalada para este acto polo 1º Tenente de Alcalde, D. Jesús Fernández Cal, declárase aberto o mesmo.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 04-06-2018.

María Luz Balsa Rábade (1 para 2)

SECRETARIA

Data de Sinatura: 12/06/2018

HASH: 1ba4a21599805a01b735c01cb971bacf



María Loureiro García (2 para 2)

PRESIDENTA - ALCALDESA

Data de Sinatura: 13/06/2018

HASH: f0d7486c345265413a72536c8704576b



ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0024 Data: 12/06/2018



Cod. Validación: 5QETWZCR39METVWZGZAN5JW | Corrección: <http://viveiro.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 49



Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

Non existindo ningunha obxección, procédese á aprobación da acta da sesión de 4 de xuño de 2018.

2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DICTADAS POR AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS.

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Por parte da Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, dáse conta das Resolucións feitas pola Alcaldía mediante a avocación de competencias delegadas na Xunta de Goberno Local, que se corresponden cos seguintes expedientes: Expte. 19/2018.- Expte. 3244/2018.- Expte. 3119/2018.- Expte. 3057/2018.- Expte. 3249/2018.- Expte. 3256/2018.- Expte. 3268/2018.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Darse por informada dos Decretos ditados pola Alcaldía por avocación de competencias, entendendo que en tódolos casos existía motivación suficiente da urxencia para a súa realización.

3.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

EXPTE. 3321/2018.- AXUDA NO FOGAR.

Vista a solicitude do servizo de axuda no fogar presentada por D^a. Oliva Varela Cinza, e con domicilio en Avda. Benito Galcerán, n.º 20-2ºC, Viveiro.

Visto o informe da traballadora social no que se propón conceder o servizo de axuda no fogar solicitado coas seguintes características:

Contidos prestacionais:	Atención de carácter persoal e doméstico.
Capacidade económica da persoa usuaria:	> 200% < 250% IPREM
Aportación económica:	40%
Custo directo do servizo que satisfará o Concello:	60%
Duración do servizo:	2 horas semanais
Revisión do mesmo:	Pendente de resolución PLA dependencia.
Disponibilidade de alta efectiva ou paso a lista de agarda:	Alta efectiva.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder o servizo de axuda no fogar a D^a. Oliva Varela Cinza, coas características especificadas no informe da traballadora social, con alta efectiva, sinalando que non debe sobrepasarse o importe establecido no orzamento para dito servizo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Servizos Sociais para o seu coñecemento e notificación á interesada.

EXPTE. 3355/2018.- AXUDA NO FOGAR.

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0024 Data: 12/06/2018



Cod. Validación: 5QETWZCRZ9METVZVZGZAZN5JW | Corrección: <http://viveiro.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 49

Vista a solicitude do servizo de axuda no fogar presentada por D^a. Esther Sánchez Balseiro, e con domicilio en Chaos, n.º 15, Chavín, en Viveiro.

Visto o informe da traballadora social no que se propón conceder o servizo de axuda no fogar solicitado coas seguintes características:

Contidos prestacionais:	Atención de carácter persoal e doméstico.
Capacidade económica da persoa usuaria:	> 80% < 150% IPREM
Aportación económica:	10%
Custo directo do servizo que satisfará o Concello:	90%
Duración do servizo:	6 horas semanais
Revisión do mesmo:	Pendente de resolución PIA dependencia.
Disponibilidade de alta efectiva ou paso a lista de agarda:	Lista de agarda.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder o servizo de axuda no fogar a D^a. Esther Sánchez Balseiro, coas características especificadas no informe da traballadora social, pasando á lista de agarda.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Servizos Sociais para o seu coñecemento e notificación á interesada.

4.- LICENZA URBANISTICA.

EXPTE. 5775/2017.- LICENZA DE OBRA.

Vista a solicitude de licenza de obra presentada por D. Antonio Santiago Oca Fernández para substitución de porta de madeira de acceso á finca por outra de similares características no INMOBLE, con referencia catastral: 3455933PJ1335N0002QW, sito en Rúa Constanza de Castro, n.º 23, desta localidade.

Visto o informe técnico favorable emitido pola aparelladora da Oficina de Rehabilitación, co visto e prace do arquitecto municipal.

"INFORME DE LICENCIA DE OBRA EN EDIFICACIÓN SITA NA RÚA CONSTANZA DE CASTRO N.º 23

EXPTE: 5775/2017

SOLICITANTE: ANTONIO SANTIAGO OCA FERNÁNDEZ

REF. CATASTRAL: 3455933PJ1335N0002QW

1. NORMATIVA APLICABLE:

¿ Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Histórico de Viveiro (en diante P.E.P.R.I)

¿ Ordenación Urbanística Provisional, Decreto 102/2006, (en diante OUP). A ordenación provisional estará vixente no Concello de Viveiro con carácter transitorio ata a entrada en vigor do novo plan xeral de ordenación municipal.

2. INFORME SOBRE A SOLICITUDE:

2.1.- Clasificación e cualificación do solo

A clasificación do solo é urbano consolidado.

2.2.- Descrición da parcela

O inmovible onde se pretende realizar as obras está situada no nº 23 de rúa Constanza de





Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

Castro, no Casco Histórico de Viveiro. Non é necesario tramitación ante Patrimonio

2.3.- Descrición das obras a realizar

Substitución de porta de madeira de acceso á finca por outra de similares características

2.4.- Cumprimento da normativa urbanística

Segundo a solicitude presentada a obra a realizar en fachada cumpren coa normativa urbanística.

2.5.- Cumprimento da normativa técnica aplicable

Cumpre coa normativa técnica aplicable.

2.6.- Orzamento

O orzamento de execución material segundo o orzamento presentado coa solicitude de licenza de obra ascende a cantidade de 1.000,00 €

Conforme, sen prexuízo das inspeccións que por parte do persoal municipal se estimen oportunas con obxecto de comprobar as obras realizadas.

3.7.- Varios

1.- De ser necesaria a ocupación de vía pública para as labores a realizar deberase solicitar a perceptiva licenza así como para a instalación de andamiaxe.

2.- A porta deberá ir pintada da mesma cor que a actual.

3. CONCLUSIONES: Tendo en conta todo o dito anteriormente e atendendo á normativa aplicable emítese INFORME FAVORABLE, nas CONDICIÓNS expresadas nos puntos anteriores."

Visto que consta no expediente informe xurídico favorable, no que se sinala o seguinte:

"Asunto: Informe xurídico sobre Licenza urbanística DE OBRA EN EDIFICACIÓN SITA NA RÚA CONSTANZA DE CASTRO N.º 23

EXPTE: 5775/2017

SOLICITANTE: ANTONIO SANTIAGO OCA FERNANDEZ

REF. CATASTRAL: 3455933PJ1335N0002QW

INFORME-PROPOSTA

En relación co expediente relativo á licenza urbanística para substitución de porta de madeira de acceso á finca por outra de similares características en Rúa Constanza de Castro, nº 23, a solicitude de Don Antonio Santiago Oca Fernández, emito o seguinte informe-proposta de resolución, de conformidade co establecido no artigo 143.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e no artigo 172 e seguintes do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, con base aos seguintes,

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. Con data 9 de outubro de 2017, foi presentada por Antonio Santiago Oca Fernández solicitude de licenza urbanística para substitución de porta de madeira de acceso á finca por outra de similares características no INMOBLE, con referencia catastral: 3455933PJ1335N0002QW, sito en Rúa Constanza de Castro, n.º 23, desta localidade.

Coa solicitude achega a seguinte documentación:

•Fotografías.

•Xustificante de pagamento dos tributos municipais.

SEGUNDO. Con data 19 de outubro de 2017, en cumprimento do disposto no artigo 143.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, foi emitido informe dos Servizos Técnicos, verificado de conformidade en data 19 de outubro de 2017 polo arquitecto municipal, en

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0024 Data: 12/06/2018



Cod. Validación: 5QETWZCR29METVEZVZGAZNSJW | Corrección: <http://viveiro.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 49

sentido favorable á concesión da licenza urbanística para a realización de a realización de substitución de porta de madeira de acceso á finca por outra de similares características no INMOBLE, con referencia catastral: 3455933PJ1335N0002QW, sito en Rúa Constanza de Castro, n.º 23, desta localidade e que somete a autorización ao cumprimento das seguintes condicións:

- 1.- De ser necesaria a ocupación de vía pública para as labores a realizar deberase solicitar a perceptiva licencia así como para a instalación de andamiaxe.
- 2.- A porta deberá ir pintada da mesma cor que a actual."

Os parámetros urbanísticos das obras solicitadas son os seguintes:

Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación	SOLO URBANO CONSOLIDADO DA ZONA ANTIGA DE VIVEIRO (ORDENANZA 1.3)
Finalidade da actuación e uso ó que se destinará.	Substitución de porta de madeira de acceso á finca por outra de similares características no INMOBLE
Orzamento de execución material, segundo literalidade que consta no informe técnico CH Cora, de data 19/10/2017:	1.000,00 euros
Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito	Rúa Constanza de Castro, n.º 23, desta localidade. referencia catastral: 3455933PJ1335N0002QW
Nome ou razón social da persoa promotora	Antonio Santiago Oca Fernández
Técnico autor do proxecto e se é o caso	
dirección facultativa de obras	

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

Primeira: **PROCEDEMENTO:** Os artigos 142 e seguintes da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, suxeitan a licenza municipal, sen perxuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, entre outros, as intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados pola súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos.

O inmovible de referencia sito en solo clasificado como urbano consolidado, atópase incluído no catálogo inventario do Plan especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Viveiro (PEPRI) polo que a solicitude debe tramitarse polo procedemento de licenza.

Segunda: De conformidade co disposto nos artigos 143 LSG e 350 do Regulamento LSG, as licenzas outórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico, e non poderán outorgarse ata que sexan concedidas as autorizacións ou informes sectoriais, segundo se dice no informe dos servizos técnicos que consta no expediente, non se precisa autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. O expediente dispón da documentación necesaria para o outorgamento da licenza.

Terceira. - CUMPRIMENTO COA NORMATIVA URBANÍSTICA.

O planeamento aplicable para a resolución da solicitude de licenza urbanística é o contido no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias





Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento.

A ordenanza de aplicación ao solo urbano da zona antiga de Viveiro é a regulada no punto 1.3 do Anexo ao Decreto 102/2006, que remite, en canto a condicións de edificación e usos, ao documento do PEPR da zona antiga aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o 7 de agosto de 1997 (BOP de Lugo nº 233 do 10 de outubro, así como as súas modificacións puntuais aprobadas definitivamente en datas do 31 de xullo de 2003 e do 9 de setembro de 2003. O usos permitidos son: *Residencial*, *Industrial* e *almacén*, *comercial* e *dotacional*, segundo informe técnico que consta no expediente.

Do informe técnico emitido no expediente de licenza de obras conclúese que as obras propostas cumpren coa normativa urbanística e técnica así como coa ordenanza de aplicación ao solo urbano consolidado e de edificacións existentes, reguladas nos puntos 1 e 10 do anexo do Decreto 102/2006.

Visto canto antecede, este servizo considera que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que a licenza pretendida é conforme coa ordenación urbanística, procedendo a súa resolución pola Xunta de Goberno Local en virtude da delegación de atribucións efectuada pola Alcaldía mediante resolución do 3 de xullo de 2015

Por iso, de conformidade co establecido no artigo 172 e seguintes do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución,

INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. Conceder licenza urbanística a Don Antonio Santiago Oca Fernández para substitución de porta de madeira de acceso á finca por outra de similares características no INMOBLE, con referencia catastral: 3455933PJ1335N0002QW, sito en Rúa Constanza de Castro, n.º 23, desta localidade.

SEGUNDO. As CONDICIÓNES PARTICULARES as que se suxeita a licenza son as seguintes:

- 1.- De ser necesaria a ocupación de vía pública para as labores a realizar deberase solicitar a perceptiva licencia así como para a instalación de andamiaxe.
- 2.- A porta deberá ir pintada da mesma cor que a actual."

TERCEIRO. CONDICIÓNES XERAIS DA LICENZA:

- A presente licenza só faculta ó seu titular para realizar a actuación solicitada e producirá efectos entre o Concello e o suxeito a cuxa actuación se refire, pero non alterará a situación xurídico-privada entre este e as demais persoas.
- As obras executaranse con extrita suxeición ás normas de planeamento vixentes na localidade. Toda variación ulterior que se pretenda introducir precisará a conformidade previa.
- O promotor queda obrigado ao cumprimento das medidas de seguridade e saúde no traballo previstas na lexislación vixente, coa obrigatoriedade de levantar un valado de protección que non poderá impedi-lo tránsito público; asimesmo, as estadas que se empreguen deberán acomodarse ás precripcións de seguridade do persoal da obra e de

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0024 Data: 12/06/2018



Cod. Validación: 5QETWZCRZ9METVZVZGZAZN5JW | Corrección: <http://viveiro.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 49

terceiros que transiten pola vía pública.

●Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiros e non poderá ser invocada para excluir ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

●Réximen de caducidade das licenzas:

➤O prazo de iniciación das obras non poderá exceder os seis meses, partir da notificación da presente resolución e o de terminación os tres anos; ditos prazos computaranse desde o día seguinte ao da notificación do outorgamento da licenza. As obras non poderán interromperse por tempo superior a seis meses.

➤O Concello poderá conceder prórroga dos prazos da licenza referidos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

➤ A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado, e a declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza.

●Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

CUARTO. Notificar a presente resolución ao interesado aos efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en base aos antecedentes obrantes no expediente e en base á proposta de resolución emitida pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, acorda:

Primeiro.- Conceder licenza urbanística a D. Antonio Santiago Oca Fernández para substitución de porta de madeira de acceso á finca por outra de similares características no INMOBLE, con referencia catastral: 3455933PJ1335N0002QW, sito en Rúa Constanza de Castro, n.º 23, desta localidade.

Segundo.- As CONDICIÓNS PARTICULARES as que se suxeita a licenza son as seguintes:

1.- De ser necesaria a ocupación de vía pública para as labores a realizar deberase solicitar a perceptiva licencia así como para a instalación de andamiaxe.

2.- A porta deberá ir pintada da mesma cor que a actual.

Terceiro.- CONDICIÓNS XERAIS DA LICENZA:



●A presente licenza só faculta ó seu titular para realizar a actuación solicitada e producirá efectos entre o Concello e o suxeito a cuxa actuación se refire, pero non alterará a situación xurídico-privada entre este e as demais persoas.

●As obras executaranse con extrita suxeición ás normas de planeamento vixentes na localidade. Toda variación ulterior que se pretenda introducir precisará a conformidade previa.

●O promotor queda obrigado ao cumprimento das medidas de seguridade e saúde no traballo previstas na lexislación vixente, coa obrigatorioidade de levantar un valado de protección que non poderá impedi-lo tránsito público; asimesmo, as estadas que se empreguen deberán acomodarse ás precripcións de seguridade do persoal da obra e de terceiros que transiten pola vía pública.

●Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiros e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

●Réximen de caducidade das licenzas:

➤O prazo de iniciación das obras non poderá exceder os seis meses, partir da notificación da presente resolución e o de terminación os tres anos; ditos prazos computaranse desde o día seguinte ao da notificación do outorgamento da licenza. As obras non poderán interromperse por tempo superior a seis meses.

➤O Concello poderá conceder prórroga dos prazos da licenza referidos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

➤ A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado, e a declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza.

●Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.





Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

EXPTE. 4878/2017.- LICENZA DE OBRA.

Vista a solicitude de licenza presentada por D^a. Virginia Mateos García, para levar a cabo as obras de CONSTRUCCIÓN DE TRES APARTAMENTOS TURÍSTICOS PARA ESTABLECEMENTO DE TURISMO RURAL EN MONTECELO. GALDO, nas parcelas catastrais con referencia 27067A033004960000XI e 27067A033004980000XE.

Resultando que, segundo consta no expediente, coa solicitude achega:

- Proxecto básico redactado polo arquitecto, D. Francisco J. Hermida Trastoy.
- Xustificante do pagamento de tributos municipais.
- Proxecto de execución.

Resultando que logo do correspondente informe emitido polo arquitecto municipal en data 15/12/2017, constatase a necesidade de subsanar e complementar a solicitude de licencia formalizada nos seguintes termos: "**Deberá achegar proba da antigüidade das edificacións de referencia.**" y esto para que quede acreditado no expediente que se trata dunha edificación tradicional do art. 40 LSG. Pola solicitante, con data 22 de novembro de 2017, atendendo o requerimento achégase certificación emitida pola secretaria do concello con data 17 de xuño de 1998, na que se fai constar que a edificación que nos ocupa ten asignada a efectos de Imposto sobre Bens Inmóveis de Naturaleza Urbana, unha antigüidade do ano 1880.

Visto o informe emitido en data 15 de decembro de 2017, pola arquitecta técnica-enxeñeira da edificación municipal, sobre a compatibilidade de actividade coa ordenanza urbanística provisional e normativa aplicable para o inicio da actividade de APARTAMENTOS TURÍSTICOS SEMISOTERRADOS en Montecelo nº 2 Galdo, no que se sinala o seguinte :

"En relación ó expediente arriba referenciado relativo á comunicación previa para o inicio da actividade de **APARTAMENTOS TURÍSTICOS SEMISOTERRADOS** en Montecelo nº 2 Galdo, Ana Coya Guerrero, Arquitecta Técnica-Enxeñeira da Edificación da Oficina de Rehabilitación Casco Histórico de Viveiro, **INFORMA:**

1. **ORDENANZA URBANÍSTICA DE APLICACIÓN:** Trala aprobación do Decreto 102/2006, de 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento (en adiante OUP) os apartamentos turísticos están regulados pola **ORDENANZA 9 SOLO RÚSTICO ESPECIALMENTE PROTEXIDO**, polo que as condicións de uso e edificación son as recollidas nos artigos 31 a 44 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Dita lei foi derogada pola **Lei 2/2016 do Solo de Galicia**, a cal na súa Disposición Transitoria Primeira, apartado 3 establece que: "os decretos autonómicos de suspensión do plan que foron ditados antes da entrada en vigor desta lei manterán a súa eficacia, como norma de dereito transitorio, ata a data de entrada en vigor do correspondente plan xeral de ordenación municipal". Polo tanto seralle de aplicación a OUP e a nova Lei do Solo de Galicia. O artigo 35, apartado o) da Lei 2/2016 establece que os usos e actividades permitidos en solo rústico son: "Construcións e rehabilitacións destinadas ao turismo que sexan potenciadoras do medio onde se localicen". No mesmo sentido pronúnciase o Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0024 Data: 12/06/2018



Cod. Validación: 5QETWZCR3METV2WZGZAN5JW | Corrección: <http://viveiro.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 49

solo de Galicia no seu artigo 54.

2. **NORMATIVA EN MATERIA DE RESIDUOS/VERTIDOS:** No Concello de Viveiro non existe ningunha ordenanza municipal reguladora en xestión de residuos e vertidos. Os residuos e vertidos orixinarios polo desenvolvemento da actividade son os propios dunha vivenda ó uso, e poden ser xestionados polas empresas de recollida selectiva operadoras no municipio de Viveiro. A evacuación e tratamento de augas residuais será a través de fosa séptica.

3. **NORMATIVA EN MATERIA DE ACÚSTICA:** No Concello de Viveiro non existe ningunha ordenanza municipal reguladora en xestión de ruidos polo que seralle de aplicación o Código Técnico da Edificación, Protección fronte o ruído (CTE-HR), o Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído e o Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre a contaminación acústica de Galicia.

No "Proxecto Básico de Apartamentos Turísticos Semisoterrados" redactado polo Arquitecto Francisco J. Hermida Trastoy se xustifica o cumprimento da normativa aplicable.

4. **NORMATIVA ESPECÍFICA:** A actividade solicitada está regulada pola Lei7/2011, de 27 de outubro, do Turismo de Galicia e o Decreto 12/2017, de 26 de xaneiro de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia. No "Proxecto Básico de Apartamentos Turísticos Semisoterrados" xustifica o cumprimento da normativa aplicable para apartamentos turísticos dunha chave.

CONCLUSIÓN: Por todo o exposto anteriormente, a actividade solicitada cumpre coa ordenanza urbanística provisional e a normativa técnica aplicable."

Visto que en data 18 de decembro de 2017 se emitiu informe técnico favorable polo arquitecto municipal, que literalmente di:

"2. INFORME SOBRE A SOLICITUDE:

2.1.- Clasificación e cualificación do solo

A clasificación do solo segundo a QUP é **solo rústico especialmente protexido**. Ordenanza de aplicación 9.

2.2.- Descrición catastral das parcelas e edificación

finca 1:

27067A033004980000XE, polígono 33, parcela 498. Montecelo.

finca 2:

27067A033004960000XI, polígono 33, parcela 496. Sua Chousa.

Edificación:

000200200PJ13A0001YB, Lg. Montecelo - Pq. Galdo 2

2.3.- Descrición das obras a realizar

Preséntase un proxecto básico de **construción de 3 apartamentos turísticos semisoterrados, unha área de recepción e un cuarto de instalacións**. A proposta adecúase ao entorno onde se atopa atendendo á súa forma e materiais empregados.

2.4.- Cumprimento da normativa urbanística

Trátase de obras de ampliación, en volume independente, de edificación existente de carácter tradicional. Unha vivenda unifamiliar, cunha antigüidade superior aos 100 anos, manténdose as características esenciais das referidas edificacións, do lugar e da súa tipoloxía.

As edificacións proxectadas destinaranse a actividades turísticas, tendo en conta parámetros ecolóxicos e de sostibilidade. Dispóñense no terreo de xeito illado e semisoterradas de forma que se integren o mellor posible na contorna das edificacións tradicionais.

	PROXECTO	NORMATIVA
Volume existente	865,75 m ³	
Ampliación		ampliación < 50%
Volume	284,21 m ³ [32,82%]	< 50%



Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

Altura de cornixa	< 7,00 m	7,00 m Retranqueos
> 5,00 m	5,00 m	

O volume ampliado quedará vinculado a edificación orixinal, manténdose a indivisibilidade do conxunto edificatorio

Dáse cumprimento ao disposto na lei 2/2016 do Solo de Galicia no artigo 40 referido a edificacións existentes de carácter tradicional en solo rústico.

2.5.- Cumprimento da normativa técnica aplicábel

O arquitecto Francisco J. Hermida Trastoy fai constar que o proxecto cumpre coa normativa técnica aplicábel.

2.6.- Orzamento

O orzamento de execución material segundo o proxecto presentado ascende a cantidade de **145.778,00 €**

Conforme, sen prexuízo das inspeccións que por parte do persoal municipal se estimen oportunas con obxecto de comprobar as obras realizadas.

2.7.- Condicionamentos

As características estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do contorno.

2.8.- Fianza

Establécese unha fianza de **2.500,00 €** en concepto de garantía para reparación de posibles danos que se podan ocasionar no espazo público á hora de realizar as obras de construción.

3. CONCLUSIÓNS:

Tendo en conta todo o dito anteriormente e atendendo á normativa aplicábel emítese **INFORME FAVORÁBEL**, nas CONDICIÓNS expresadas nos puntos anteriores"

Visto o informe técnico emitido polo arquitecto municipal, en data 5 de febreiro de 2018, respecto do proxecto de execución, que literalmente di:

"1. ANTECEDENTES:

- Informe técnico ao proxecto básico do arquitecto municipal con data 18 de decembro de 2017.

2. INFORME SOBRE A SOLICITUDE:

2.1.- Respecto do proxecto básico:

O presente proxecto de execución é complemento ao proxecto básico.

2.2.- Presuposto:

Non se varía o presuposto de execución material.

2.3.- Cumprimento da normativa urbanística:

Xustificación do seu cumprimento no proxecto básico.

2.4.- Cumprimento da normativa técnica:

O arquitecto D. Francisco J. Hermida Trastoy fai constar que o proxecto de execución cumpre coa normativa e as prescricións técnicas aplicábeis.

3. CONCLUSIÓNS:

Tendo en conta todo o dito anteriormente e atendendo á normativa aplicábel emítese **INFORME FAVORÁBEL**, nas CONDICIÓNS expresadas nos puntos anteriores.

Vistos os informes xurídicos emitidos pola Asistencia a Concellos da Deputación Provincial de Lugo, en data 20 de febreiro e 16 de marzo de 2018, nos que, en conxunto, se considera que debe emitirse novo informe polo arquitecto municipal ampliando o seu informe en varios aspectos, indicándose o seguinte:

"Primeira.- Entendo que procede que polo Arquitecto municipal se amplíe o informe emitido con referencia concreta ao proxecto de execución presentado, valorando se no proxecto de

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0024 Data: 12/06/2018



Cod. Validación: 5QETWZCR39METVEZVZGZAN5JW | Corrección: <http://viveiro.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 49



Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

execución se cumpre o requisito-condición de que as características estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do contorno, ou, no seu caso, se está adecuadamente xustificada a solución proposta no proxecto de execución tal e como exixie o artigo 60.1 do Regulamento da Lei 2/2016. No mesmo sentido, en relación coa fragmentación de volumes proposta no proxecto de execución.

Segunda.- Consideramos que o informe técnico debe concretarse a categoría de solo rústico de que se trata, entre outras razóns, para determinar o órgano autonómico que ten que emitir o informe ou autorización segundo corresponda."

Visto que en data 23 de marzo de 2018 se emitiu polo arquitecto municipal informe aclaratorio, no que se sinala o seguinte:

Con data 5 de febreiro de 2018, o abaixo asinante emite informe favorable ao proxecto de execución achegado. O referido informe fai constar no punto 2.3 cumprimento da normativa urbanística, que a xustificación do seu cumprimento, (o da normativa urbanística) se fai no proxecto básico, o cal xa foi informado favorablemente polo técnico que subscribe o 18 de decembro de 2017. Enténdese non necesario volver a incidir sobre as cuestións urbanísticas que quedaron suficientemente aclaradas, xustificadas e resoltas favorablemente no informe ao proxecto básico que non modifica o proxecto de execución.

Faise constar no informe ao proxecto de execución no punto 2.1 que é complemento ao proxecto básico informado anteriormente, e que polo tanto non se trata dun modificado de básico e de execución que nese caso si debería ser informado do cumprimento da normativa urbanística de novo. O proxecto básico incide principalmente no aspecto urbanístico dentro do marco xurídico en vigor establecido pola Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia. O proxecto de execución, desenvolve o proxecto básico incidindo na normativa e nas prescricións técnicas aplicábeis coa finalidade de poder construír o proposto no proxecto básico. Considérase o proxecto de execución a parte técnica da definición de proxecto construtivo no seu conxunto, (básico + execución).
(...)

1.- Cabe primeiramente poñerse no contexto da situación urbanística excepcional que ten o Concello de Viveiro:

Con data 3 de abril de 2006, publícase no Diario Oficial de Galicia, [DOG], "Resolución de 24 de marzo de 2006, da dirección Xeral de Urbanismo, pola que se fai público o acordo de iniciación do expediente de suspensión das actuais normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro".

Con data 23 de xuño de 2006, publícase no Diario Oficial de Galicia, [DOG], "Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento".

Con data 10 de xuño de 2010, publícase no Diario Oficial de Galicia, [DOG], "Decreto 89/2010, do 3 de xuño, polo que se modifica a ordenación provisional aprobada no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento".

A OUP díctase ao amparo da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galicia, [LOUGA], e mantén a día de hoxe a súa vixencia ao amparo da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, [LSG], segundo o disposto na Disposición transitoria primeira, punto 3.

A figura de planeamento municipal en vigor é a Ordenación Urbanística Provisional, [OUP], Decreto 102/2006, modificada polo decreto 89/2010, que estará vixente no municipio de Viveiro con carácter transitorio ata a entrada en vigor do novo plan xeral de ordenación municipal.

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0024 Data: 12/06/2018



Cod. Validación: 5QETWZCR3METVZVZGZAN5JW | Corrección: <http://viveiro.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 49

2.- Con respecto á ordenación do solo rústico da OUP, o Decreto 102/2006 no punto 4 da exposición de motivos fai especial fincapé na preocupación pola caduca regularización das distintas clases de solo recollendo:

"A clasificación e a regulación das distintas clases de solo no planeamento actualmente existente en Viveiro están totalmente obsoletas e non se adecúan ao disposto na Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, nin na Lei 6/1998, sobre réxime do solo e valoracións, polo que urxe a súa revisión e a súa adaptación aos novos criterios de clasificación de solo, así como aos límites de sustentabilidade e aos estándares de calidade de vida e cohesión social recollidos na lexislación urbanística actual".

Con respecto ao solo rústico dí expresamente:

"A clasificación e categorización do solo non urbanizable ou rústico tampouco se adecúa á lexislación urbanística actualmente en vigor -a Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, e a Lei estatal 6/1998, sobre réxime do solo e valoracións-, polo que deben ser revisadas na súa totalidade, así como no que respecta ás condicións de uso e de edificación, de xeito que se acade a necesaria preservación do contorno privilexiado do termo municipal".

Tendo en conta o anterior insírese no texto da OUP, referido a normas e ordenanzas reguladoras, a **ordenanza 9 Solo Rústico Especialmente Protexido**, establecendo o seu ámbito de aplicación "Aos terreos clasificados no documento de adaptación á Lei de solo de Galicia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro, aprobado definitivamente con data do 2-9-1997, como solo non urbanizable internuclear en calquera das súas categorías, así como o solo non urbanizable especialmente protexido".

En ningún momento a OUP establece as categorías correspondentes de protección do solo rústico especialmente protexido, desta maneira, de xeito excepcional e transitorio ata a aprobación dun PXOM, (documento que ten a obriga de clasificar e calificar o solo rústico, segundo o disposto no artigo 33 e 34 da LGS), eleva o nivel de especialmente protexido a todo o solo rústico do termo municipal.

Dende hai case 11 anos que o abaixo asinante desempeña as funcións de arquitecto municipal no Concello de Viveiro, (maio 2007), primeiro ao amparo da LOUGA e logo da LSG, estiveronse e estanse a tramitar en solo rústico, autorizacións autonómicas, (art 41 LOUGA, art 38 LGS), expedientes de reposición da legalidade, incoación de expedientes instruídos pola APLU, informes previos de incidencia sectorial dentro dos ámbitos competenciais, autorizacións de licenzas de obras, certificacións urbanísticas e demais expedientes nos que en ningún caso se estableceu a categoría do solo rústico.

Faise especial énfases que nos casos anteriores non foi demanda establecer dita categorización nin pola Secretaría Xeral do Concello de Viveiro, nin polos servizos xurídicos do Concello de Viveiro, nin pola Administración da Deputación Provincial, nin pola Administración Autonómica, nin pola Administración do Estado, en calquera das tramitacións coas correspondentes administracións.

Enténdese que non é misión do arquitecto municipal determinar a categoría de solo rústico e si a de aplicar o que dispón a OUP no punto 9, na que a Dirección Xeral de Urbanismo establece a ordenanza de **Solo Rústico Especialmente Protexido**, dentro do marco xurídico establecido pola LSG.

CONCLUSIÓNS:

Tendo en conta todo o dito anteriormente e atendendo á normativa aplicábel o abaixo asinante ratifícase nos seus **informes preceptivos emitidos en sentido favorábel**, referido isto último ao informe ao proxecto básico de 18 de decembro de 2017 e o informe ao proxecto de execución de 5 de febreiro de 2018."

Resultando que á vista dos antecedentes descritos, pola Xunta de Goberno Local, en data 2 de abril de 2018, se adoptou acordo solicitando a emisión de novo informe xurídico, con proposta de resolución en orde á concesión ou denegación da licenza solicitada.





Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

Visto o informe xurídico emitido pola Asistencia a Concellos da Deputación Provincial de Lugo, en data 19 de abril de 2018, no que se propón o outorgamento da licenza, debéndose dar cumprimento previo ao establecido no artigo 36,4 LSG, respecto do cal indica o seguinte:

"Como viamos na consideración anterior o artigo 36.4 da Lei 2/2016, impera que cando se trate de solo especialmente protexido "....será preciso obter a autorización ou o informe favorable do órgano sectorial correspondente". A respecto propoñemos que a estes efectos se solicite informe da Consellería de Medio Rural e, no seu caso, da competente en materia de infraestruturas."

Visto o informe proposta de resolución emitido pola técnico xurídico de urbanismo, no que se sinala o seguinte:

"(...)"

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- En relación coa interpretación do artigo 40 da Lei 2/2016.

A modo de refundido das consideracións a este efecto establecidas nos tres informes xurídicos anteriores entendemos:

□ Que o artigo 40 constitúe unha **norma excepcional**, como se infire dos seus propios termos: "... sen necesidade de cumprir os parámetros urbanísticos aplicables agás o límite de altura, permitírase a súa rehabilitación e reconstrución e, por razóns xustificadas, a súa ampliación mesmo en volume independente, sen superar o 50 % do volume orixinario da edificación tradicional...".

□ Que a ubicación dos usos permitidos polo artigo 40 pode facerse no volume independente sen que sexa necesario que a edificación tradicional sexa destinada total ou parcialmente ao novo uso.

□ Que a ampliación pode facerse nun ou en varios volumes independentes, sempre e cando a fragmentación dos mesmos estea suficientemente xustificada. Tal criterio viría amparado polas definicións básicas incorporadas como anexo I ao Regulamento da Lei do solo de Galicia, concretamente no parágrafo 3.1 do citado anexo. A xustificación técnica da fragmentación do volumen da ampliación, exige, no meu entender, que o proxecto motive tal necesidade, tendo en conta os impactos de tal fragmentación, mediante a comparación de distintas alternativas, é dicir, cales son os impactos da ampliación nun único volumen, fronte a ampliación en dous, tres ou máis.

Agora ben, no presente suposto, o Arquitecto municipal reiteradamente informa que está xustificada a opción da ampliación en tres volumes contido no proxecto, de forma que, tratándose dunha cuestión técnica, este requisito de xustificación pode entenderse cumprido.

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0024 Data: 12/06/2018



Cod. Validación: 5QETWZCRZ9METVZVZGZAZN6JW | Corrección: <http://viveiro.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 49

□ Que, en todo caso, os volumes nos que se sitúa a ampliación deben manter características esenciais do edificio, do lugar e da súa tipoloxía orixinaria, de tal forma que calquera solución adoptada deberá ser adecuadamente xustificada, tal e como se establece polo artigo 60 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

A respecto do cumprimento deste requisito polo proxecto técnico presentado, dicir, que tal valoración corresponde facela ao Arquitecto municipal, quen nos seus informes reiteradamente entende que se cumpre e que está debidamente xustificada a opción escollida polo proxecto.

□ En todo caso, se se trata de solo rústico de especial protección, antes da licenza municipal debe emitirse informe favorable do órgano sectorial autonómico que corresponda en función da categoría de solo rústico de que se trata. ..."

2.- En relación co réxime do solo rústico de Viveiro.

E Concretamente no que corresponde ao cumprimento do art 36 da Lei 2/2016, e do requisito establecido no seu apartado 4, reproducese o texto do INFORME ACLARATORIO do técnico municipal de data 23 de marzo de 2018, sobre cumprimento da seguinte literalidade:

"1.- Cabe primeiramente poñerse no contexto da situación urbanística excepcional que ten o Concello de Viveiro:

Con data 3 de abril de 2006, publícase no Diario Oficial de Galicia, [DOG], "Resolución de 24 de marzo de 2006, da dirección Xeral de Urbanismo, pola que se fai público o acordo de iniciación do expediente de suspensión das actuais normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro".

Con data 23 de xuño de 2006, publícase no Diario Oficial de Galicia, [DOG], "Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento".

Con data 10 de xuño de 2010, publícase no Diario Oficial de Galicia, [DOG], "Decreto 89/2010, do 3 de xuño, polo que se modifica a ordenación provisional aprobada no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento".

A OUP dictase ao amparo da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galicia, [LOUGA], e mantén a día de hoxe a súa vixencia ao amparo da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, [LSG], segundo o disposto na Disposición transitoria primeira, punto 3.

A figura de planeamento municipal en vigor é a Ordenación Urbanística Provisional, [OUP], Decreto 102/2006, modificada polo decreto 89/2010, que estará vixente no municipio de Viveiro con carácter transitorio ata a entrada en vigor do novo plan xeral de ordenación municipal.

2.- Con respecto á ordenación do solo rústico da OUP, o Decreto 102/2006 no punto 4 da exposición de motivos fai especial fincapé na preocupación pola caduca regularización das distintas clases de solo recollendo:

"A clasificación e a regulación das distintas clases de solo no planeamento actualmente existente en Viveiro están totalmente obsoletas e non se adecúan ao disposto na Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, nin na Lei 6/1998, sobre réxime do solo e valoracións, polo que urxe a súa revisión e a súa adaptación aos novos criterios de clasificación de solo, así como aos límites de sustentabilidade e aos estándares de calidade de vida e cohesión social recollidos na lexislación urbanística actual".

Con respecto ao solo rústico dí expresamente:

"A clasificación e categorización do solo non urbanizable ou rústico tampouco se adecúa á lexislación urbanística actualmente en vigor -a Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, e a Lei estatal 6/1998, sobre réxime do solo e valoracións-, polo que deben ser revisadas na súa totalidade, así como no que respecta ás condicións de uso e de edificación, de xeito que se acade a necesaria preservación do contorno privilexiado do termo municipal".

Tendo en conta o anterior insírese no texto da OUP, referido a normas e ordenanzas reguladoras, a **ordenanza 9 Solo Rústico Especialmente Protexido**, establecendo o seu ámbito de aplicación "Aos terreos clasificados no documento de adaptación á Lei de solo de Galicia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro, aprobado definitivamente con data do 2-9-1997, como solo non urbanizable internuclear en calquera das súas categorías, así como o solo non



urbanizable especialmente protexido”.

En ningún momento a OUP establece as categorías correspondentes de protección do solo rústico especialmente protexido, desta maneira, de xeito excepcional e transitorio ata a aprobación dun PXOM, (documento que ten a obriga de clasificar e calificar o solo rústico, segundo o disposto no artigo 33 e 34 da LGS), eleva o nivel de especialmente protexido a todo o solo rústico do termo municipal.

Dende hai case 11 anos que o abaixo asinante desempeña as funcións de arquitecto municipal no Concello de Viveiro, (maio 2007), primeiro ao amparo da LOUGA e logo da LSG, estiveronse e estanse a tramitar en solo rústico, autorizacións autonómicas, (art 41 LOUGA, art 38 LGS), expedientes de reposición da legalidade, incoación de expedientes instruídos pola APLU, informes previos de incidencia sectorial dentro dos ámbitos competenciais, autorizacións de licenzas de obras, certificacións urbanísticas e demais expedientes nos que en ningún caso se estableceu a categoría do solo rústico.

Faise especial énfase que nos casos anteriores non foi demandado establecer dita categorización nin pola Secretaría Xeral do Concello de Viveiro, nin polos servizos xurídicos do Concello de Viveiro, nin pola Administración da Deputación Provincial, nin pola Administración Autonómica, nin pola Administración do Estado, en calquera das tramitacións coas correspondentes administracións.

Enténdese que non é misión do arquitecto municipal determinar a categoría de solo rústico e si a de aplicar o que dispón a OUP no punto 9, na que a Dirección Xeral de Urbanismo establece a ordenanza de **Solo Rústico Especialmente Protexido**, dentro do marco xurídico establecido pola LSG.

CONCLUSIÓNS:

Tendo en conta todo o dito anteriormente e atendendo á normativa aplicábel o abaixo asinante ratifícase nos seus **informes preceptivos emitidos en sentido favorable**, referido isto último ao Informe ao proxecto básico de 18 de decembro de 2017 e o informe ao proxecto de execución de 5 de febreiro de 2018.”

A vista do referido, do carácter de excepcionalidade da normativa a aplicar e da imposibilidade de fixar a categoría de solo rústico especialmente protexido tal e como se desprende nos informes técnicos de proxecto básico e de execución de datas 18/12/2017 e 5/02/2018 respectivamente, e no informe aclaratorio de data 23 de marzo de 2018, parece que polo técnico municipal entendese salvado este requisito.

